




UNIDADES DIDÁCTICAS DE ENSINO PRIMARIO
CULTURA E TRADICIÓNS DE GALICIA

CADERNO Nº 8

GRANDES MONUMENTOS DE GALICIA



RAMÓN PICO

GRANDES MONUMENTOS DE GALICIA

En Galicia temos moitos e grandes monumentos, coñecidos no mundo enteiro.

Neste traballo só imos ver algúns; pero debemos ter en conta que hai moitísimos e moi importantes monumentos de todo tipo en Galicia, aínda que predominen os de tipo relixioso como igrexas, mosteiros e catedrais.

Ademais, os monumentos de Galicia están feitos nunha pedra moi dura e difícil de traballar: o granito. Noutros lugares os grandes monumentos están feitos de pedra caliza, máis fácil de traballar, ou incluso... ide ladrillos!




A CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dentro dos grandes monumentos de Galicia, a Catedral de Santiago de Compostela é, sen dúbida, o máis importante e coñecido de todos.


DESCUBRIMENTO DA TUMBA DO APÓSTOLO

A mediados do século IX, sendo rei Afonso II, prodúcese o descubrimento da tumba do apóstolo Santiago no castro de Libredón. Pouco a pouco foi crescendo ó seu redor unha vila, que co tempo será Santiago de Compostela.




Reconstrucción da tumba do Apóstolo.

AS PRIMITIVAS IGREXAS



A primeira igrexa, construída sobre a tumba do Apóstolo, foi un pequeno santuario dunha soa nave.

Uns anos despois, en 872, faise outro santuario, unha igrexa máis grande, de tres naves, que tempo despois foi destruída polos musulmáns de Almanzor e reconstruída por San Pedro de Mezonzo.




Aspecto que tiña o segundo Santuario

CONSTRUCCIÓN DA CATEDRAL


No século XI a Igrexa ten moito poder e as peregrinacións a Santiago van en aumento, polo que o bispo decide construír unha gran catedral.

As obras comezan ese mesmo século, en 1.075.

Primeiro faise a *xirola* (detrás do altar) para facilita-lo paso dos peregrinos ó redor da tumba do apóstolo e o *ábside*, con cinco capelas.



No ano 1.111, cando comeza o reinado de Afonso VII, quítanse os restos da antiga igrexa e séguese coa nova catedral.




Ano 1.111

A construción segue durante o século XII a pesar dos problemas que xurden, como as revoltas en Santiago que interrompen as obras e destrúen algunhas partes xa feitas.

Entre 1.168 e 1.188 constrúese o Pórtico da Gloria, obra do Mestre Mateo. O maior impulsor das obras é, nese momento, o bispo Xelmírez.

Toda a Catedral faise no estilo que predomina en Europa nesta época, o *románico*.




Aspecto que aproximadamente debía te-la Catedral de Santiago unha vez rematada-las obras no século XII.

No século XIII xa se transforma para darlle máis seguridade en defensa de posibles ataques. Constrúense torres almeadas (como as dun castelo) e pasos ocultos.

A "NOVA" CATEDRAL

Como o poder económico da Igrexa no século XVII era grande, decídese transforma-la Catedral, adaptándoa ós novos tempos e ó novo estilo arquitectónico que está de moda en toda Europa, o barroco.

Quítase o coro de pedra do Mestre Mateo e ponse outro de madeira, faise a Porta Santa, cámbianse moitas esculturas de sitio e, sobre todo, a principios do XVIII, faise a nova fachada, a do Obradoiro.



A grandiosa fachada do Obradoiro é a obra cumbre do mestre Casas Novoa.

Feita na primeira metade do século XVIII, é de estilo "barroco".

Cando se buscou un monumento para representar España nas novas moedas de euros, escolleuse esta fachada.

Tamén no XVIII, desmóntase a fachada da Acibachería para face-la actual. Moitas das esculturas que alí había cámbianse de sitio ou pérdense.


No XIX fanse pequenas transformacións na cripta do Apóstolo.

A CATEDRAL ACTUAL


Despois de tantos cambios, a Catedral que nós podemos visitar é unha mezcla de estilos, predominando o *románico* pola parte interior e o *barroco* no exterior.

A planta é de *cruz latina* (tres brazos iguais e un máis longo), moi proporcionada, con tres naves en cada brazo.

No interior podemos ver grandes columnas e pilastras, arcos, fiestras, bóvedas de canón, pequenas capelas... todo vai creando ó noso arredor ese ambiente en penumbra de paz e recollemento.




O altar maior está feito case todo en prata. No lugar máis destacado, a imaxe de Santiago en pedra policromada (pintada de cores), de medio corpo, cunha "esclavina" de prata chea de pedras preciosas.



Baixo o altar maior está o mausoleo ou cripta do Apóstolo. Alí podemos ver-la furna de prata onde se gardan os seus restos.

Pretiño da entrada principal, a do Obradoiro, está a que posiblemente sexa a obra máis importante da escultura románica no mundo e obra cumbre da escultura de tódolos tempos: o *Pórtico da Gloria*.

Este Pórtico, formado por tres arcos, está cheo de figuras de profetas e apóstolos, esceas, músicos, anxos, monstros... todos cunha actitude vital e realista, alonxada da típica escultura románica da época, moito máis rixida e desproporcionada.



Parte central do Pórtico da Gloria, unha das obras escultóricas máis importantes do mundo.



No medio do arco central, nunha columna ou parteluz aparece a figura sentada do Apóstolo.

Na base desta columna, por detrás, aparece, de xeonllos, a figura do Mestre Mateo, coñecida como o “Santo dos Croques”.


No exterior, podemos ve-las fachadas coas súas *portas*.

A impresionante fachada do Obradoiro é coma un gran arco do triunfo polo que pasan os peregrinos que chegan a Compostela.

A fachada de Praterías, aínda que foi transformada, conserva gran parte da antiga fachada románica.

A fachada de Acibachería é a menos coñecida ou a menos famosa das tres.

Na parte posterior da catedral está a Porta Santa, que só se abre os anos Santos, cando o día de Santiago coincide en domingo. Ós dous lados desta porta podemos ver moitas esculturas do antigo coro pétreo do mestre Mateo.



A fachada de Praterías conserva gran parte da forma que tiña na primitiva catedral.

AS OUTRAS CATEDRAIS GALEGAS

Ademais da catedral de Santiago, en Galicia hai catro catedrais máis, comezadas a facer todas sobre o século XII

CATEDRAL DE LUGO.- A antiga catedral foi feita no século XII, sufrindo diversas modificacións, a máis importante no XVIII.

CATEDRAL DE OURENSE.- Foi feita entre os séculos XII e XIII. A planta é parecida á de Santiago. Traballaron na súa construción discípulos do mestre Mateo.

CATEDRAL DE TUI.- Foi levantada entre os séculos XII e XIII posiblemente sobre outra catedral anterior destruída nunha invasión (non se sabe de quen). Esta catedral ten aspecto de fortaleza.


CATEDRAL DE MONDOÑEDO.- O primitivo edificio é do século XIII, pero ó longo dos anos sufriu tantas modificacións que xa conserva moi pouco desa época.




Vista da torre do reloxo e o ábside da catedral de Lugo



Fachada da catedral de Mondoñedo



Porta sur da catedral de Ourense




Fachada principal da catedral-fortaleza de Tui

A TORRE DE HÉRCULES

Pretiño da cidade de A Coruña atópase o faro en funcionamento máis antigo do mundo: a TORRE DE HÉRCULES.

Actualmente a planta da Torre ten forma cadrada, de 11 metros e 40 cm. de lado e uns 58 metros de altura.


Pero non foi sempre así, como a vemos agora.




A PRIMITIVA TORRE DE HÉRCULES

Non se sabe con exactitude, pero parece ser que a torre foi feita no século II da nosa era polos romanos.

É moi difícil sabe-lo aspecto exterior que tería en tempos dos romanos, pois non hai debuxos desa época. Podería ser algo así:



Segundo Siegfried Hutter




Segundo M. Buchwald

É seguro que a torre tiña unhas escaleiras que a rodeaban dando voltas por fóra.

Como sería moi incómodo subir pola rampa exterior, polo vento, o coñecido profesor J. Cornide Saavedra pensa que podería ter unha parede máis exterior tapando a rampa, que cos anos desaparecería.

No século XVIII o rei Carlos III manda reformala, rematando as obras en 1.791




- 1.- A torre coa rampa tapada, según J. Cornide Saavedra
- 2.- Tal como estaba antes da reforma.
- 3.- Estado actual, despois da reforma de 1.791.

O INTERIOR da torre apenas cambiou dende os romanos, e a maioría das pedras que podemos ver por dentro son as que se puxeron en tempos dos romanos. Só a parte superior é da última época.

Pódense distinguir tres compartimentos, o superior bastante máis alto que os outros dous.

En punteado, a parte romana.



LENDAS ENTORNO Á TORRE DE HÉRCULES

LENDA DE HÉRCULES

Hércules sobresaí entre os demais heroes gregos pola súa forza física. O Oráculo de Delfos encargoulle doce traballos de gran dificultade. Un deles era apoderarse das manadas de touros do xigante Xerión. Hércules vence ó xigante, córtalle a cabeza e sobre ela manda facer unha torre e, preto dela, unha cidade. Dispuxo que se tomara nota dos nomes das persoas que viñesen poboala. A primeira foi unha muller que se chamaba Cruña, e por eso chamouse así a cidade.

LENDA DE BREOGÁN

O caudillo celta Breogán, entre mitolóxico e real, funda a cidade de Brigantia e unha torre fronte a ela: a torre de Breogán.


A lenda continúa dicindo que Ith, fillo de Breogán, foi o primeiro que viu Irlanda. Unha noite clara de inverno subiu el só ó alto da torre e no horizonte do mar divisou ó lonxe a illa de Irlanda.

Baixou a comunicar á súa xente o que vira; pero Brigo, outro fillo de Breogán, tratou de disuadilo dicíndolle que o que vira non era máis que unha nube.

Pero Ith, persistindo na súa idea, botou a súa embarcación á auga e navegou ata Irlanda.

LENDA DO ESPELLO

O rei Hispan, sobriño de Hércules, rematou a torre que este comezara preto de A Coruña e, como era un home moi sabio, fixo colocar no seu alto un gran espello para que se reflectisen nel as naves, incluso as máis lonxanas no mar, e salvar así a cidade de ataques por sorpresa.



A MURALLA DE LUGO


A muralla lucense é obra dos romanos, posiblemente do século III da nosa Era.

É unha construción toda de pedra que rodeou á “Lucus Augusti” e protexeuna durante moitísimos anos non só de ataques, senón tamén dos aires fríos do inverno. Hoxe, co crecemento da cidade ó longo dos séculos, gran parte desta atópase fóra da muralla.

Ten unha lonxitude de algo máis de dous quilómetros, sendo bastante ancha, duns cinco metros, polo que pode percorrerse por riba todo ó redor, incluso nun coche. A altura media é de doce metros.

Nun principio tiña catro portas, pero ó longo dos anos abríronse moitas máis. Actualmente ten dez.


Co tempo foi perdendo moitas pedras e xa non ten almeas. Só quedan dúas fiestras na parte superior dun cubo.




AS IGREXAS

En Galicia hai moitas igrexas. Cada pequena aldea ten a súa.


Hai algunha moi antiga, do tempo dos visigodos, como Santa Comba de Bande, do século VII. Despois, nos séculos XII e XIII, construíronse moitas de estilo románico, como a de Cambre; pero o estilo que máis abonda é o barroco, dos séculos XVII e XVIII.



Igrexa da Peregrina, o monumento máis coñecido da cidade de Pontevedra



Interior da igrexa de Santa Comba de Bande, posiblemente a máis antiga de Galicia.



Vista posterior da igrexa de Cambre, románica do século XII, e moi similar a outras moitas igrexas galegas da mesma época.

OS MOSTEIROS

En Galicia os edificios relixiosos son moi abundantes. Aparte das igrexas, se nas cidades destacan as catedrais, no medio rural abundan os mosteiros e abadías (a abadía é un mosteiro dirixido por un abade).

O número total de mosteiros que hai en Galicia é duns cincuenta.

Como a maioría dos grandes edificios relixiosos, case todos se comezaron a construír no século XII e foron moi modificados nos séculos XVII e XVIII.

Hoxe algúns están en ruínas, quedando normalmente en bo estado só a igrexa do mosteiro.


Se tiveramos que escoller dous grandes mosteiros por provincia, os máis destacados poderían ser:

En A CORUÑA: *Sobrado dos Monxes e Monfero.*

En LUGO: *Samos e Mondoñedo.*

En OURENSE: *Oseira e Celanova.*

En PONTEVEDRA: *Poio e Armenteira.*




Mosteiro de Oseira, na provincia de Ourense, ó que algúns chaman "O Escorial galego". Foi fundado no século XII, en 1.137


CASTELOS E PAZOS

Na Idade Media construíronse moitísimos castelos e fortalezas en Galicia, pois cada nobre tiña un ou varios. No século XV os Reis Católicos ordenaron destruí-la maioría deles, pero aínda se conservan algúns importantes, como os de Pambre, Soutomaior, Monterrei ou Vimianzo.

Despois dos Reis Católicos en Galicia quedou unha nobreza baixa chamada "fidalguía", que vivía sobre todo no medio rural, en casas grandes que se foron convertindo co tempo nos actuais pazos. (Ver caderno nº 4)



Castelo de Pambre que, como outros castelos galegos, se atopa moi abandonado e nun estado case ruinoso.



Castelo de Monterrei (Ourense) posiblemente o máis grande de Galicia. Foi restaurado recentemente pola Xunta.

ACTIVIDADES

1.- Contesta estas preguntas sobre a Catedral de Santiago:

a/-¿Cantas igrexas houbo antes de facerse a Catedral?

¿Como eran?.....

.....
-b/¿En que ano se comezou a construí-la Catedral?.....

-c/As obras duraron gran parte dun século ¿cal?.....

-d/¿Entre que anos se construíu o Pórtico da Gloria? e

-e/¿Quen o diseñou e dirixiu as obras?

-f/¿Quen era o bispo de Compostela nesta época?

-g/¿Con que nome se coñece a escultura que representa ó Mestre Mateo tralo parteluz do Pórtico da Gloria?.

-h/¿En que época se realizou a maior transformación da Catedral dende a súa construción?

-i/¿Quen diseñou e dirixiu as obras da actual fachada do Obradoiro?

..... ¿En que século?

-l/ Nomea as tres fachadas da Catedral:

.....
-m/ As catedrais e moitas igrexas foron feitas nun século e moi transformadas noutro ¿Que séculos son estos?

2.- Contesta estas preguntas sobre a Torre de Hércules:

-a/¿Cando se pensa que se fixo a primitiva Torre?

-b/¿Quen pensa que a Torre debía te-la rampa exterior tapada por unha parede para evita-lo vento:

-c/¿Que rei de España manda reforma-la Torre e en que século?


..... *no século*

-d/¿Que parte da actual torre é máis antiga, a interior ou a exterior?


.....

Fai aquí dous debuxos da Torre de Hércules, un como podía ser antigamente e outro como é na actualidade:

A Torre na antigüidade



A Torre actualmente



3.- Contesta estas preguntas sobre a muralla de Lugo:

a/¿Cando se fixo a muralla de Lugo?

b/¿Quen a fixo?

c/¿Podemos andar por riba da muralla?

d/¿Cantas portas tiña na antigüidade? ¿E actualmente?

e/¿Canto mide de longo? ¿E de alto?
.....

4.- Cita un mosteiro moi importante por cada provincia galega:

.....
.....

5.- Une cada nome co monumento relacionado con el:

Mestre Mateo

Cornide Saavedra

Romanos

Lucus Augusti

Xerión

Casas Novoa

O bispo Xelmírez

CATEDRAL DE SANTIAGO

TORRE DE HÉRCULES

MURALLA DE LUGO